



Concello de Mugardos
(A Coruña)

CONCELLO DE MUGARDOS

ANUNCIO

**APERTURA DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE
SOLICITUDES PARA A RENOVACIÓN DE PRAZA E
NOVO INGRESO NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL
(EIM) AS LAGOAS, CURSO 2024-2025**

O Sr. Alcalde do Concello de Mugardos, pola Resolución da alcaldía núm. 2024-0201, de data 26.04.2024, resolveu:

“PRIMEIRO.- Establecer como prazo de presentación das solicitudes de renovación de praza na Escola Infantil Municipal (EIM) As Lagoas, para o curso 2024/2025, o periodo comprendido do 1 ao 15 de marzo de 2024, ambos inclusive.

SEGUNDO.- Abrir, durante o periodo comprendido do 16 de marzo ao 1 de abril de 2024, ambos inclusive, o prazo para solicitar praza de novo ingreso para o curso 2024/2025 na Escola Infantil Municipal (EIM) As Lagoas.

TERCEIRO.- As familias interesadas en solicitar praza achegarán xunto coa solicitude a documentación que figura no apartado 2.3.6 do Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal (EIM) As Lagoas (publicado no BOP núm. 206 de 28.10.2021). A solicitude estará dispoñible para as familias interesadas na sede electrónica do Concello de Mugardos con acceso <https://mugardos.sedelectronica.gal/info.8>, na Oficina de Atención ao Público do Concello de Mugardos e na páxina web do Concello de Mugardos (<https://mugardos.gal/es/>).

CUARTO.- Publicar no taboleiro de edictos da sede electrónica do Concello de Mugardos con acceso <https://mugardos.sedelectronica.gal/info.8>, no taboleiro de anuncios do Concello e no portal da transparencia (<https://mugardos.sedelectronica.gal/transparency>) a apertura do prazo de presentación de solicitudes para o novo ingreso ou reserva de praza na EIM As Lagoas para o curso 2024-2025.

De xeito complementario publicarase a apertura do prazo de presentación de solicitudes na páxina web do Concello de Mugardos (<https://mugardos.gal/es/>) e demais medios de comunicación institucionais.

QUINTO.- Dar traslado da presente resolución, para o seu coñecemento e efectos oportunos, á dirección da Escola Infantil Municipal (EIM) As Lagoas”

Asinado dixitalmente polo sr. Alcalde, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, en data 26 de febreiro de 2024.

